



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ASUNTO: DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA CELEBRAR MATRIMONIO CIVIL NA CONCELLEIRA BEGOÑA TAJES MÉNDEZ.

O 7 de setembro de 2026 a alcaldesa, D^a. Sandra Insua Rial, ditou o decreto de delegación que se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN PARA CELEBRAR MATRIMONIO CIVIL NA CONCELLEIRA BEGOÑA TAJES MÉNDEZ

EXPEDIENTE: 2026/R001/000011

Mediante escrito de data 24-08-2026 (RXE núm. 202600000002205, do 24-08-2026) o Rexistro Civil de Camariñas comunicou a esta Alcaldía os datos relativos ao expediente N^o 20260821/016502 de autorización para celebrar matrimonio civil. Vista a comunicación presentada polos interesados, de acordo co establecido no art. 51.2.1^o do Código civil e art. 21. 1 s) e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, acordo:

Primeiro.- Delegar na concelleira Dna. Begoña Tajés Méndez a competencia para autorizar o matrimonio relativo ao expediente mencionado no encabezado.

Segundo .- O acto de celebración terá lugar o día 25 de setembro de 2026, ás 12:00 horas, no Museo do Encaixe do Concello de Camariñas.

Terceiro.- Notificar o presente Decreto á interesada, procedéndose a súa publicación no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria accidental, que asino aos únicos efectos de fe pública.”

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial.